

## ESTADÍSTICA. UN PRIMEIRO PASO: PORCENTAXES, TAXAS, VARIACIÓNS E NÚMEROS ÍNDICE

### ACTIVIDADE 1. A POBOACIÓN EN GALICIA

#### Obxectivos:

- ◆ Aprender a calcular porcentaxes que permitan coñecer a estrutura da poboación galega.
- ◆ Iniciarse no cálculo de taxas e índices, en especial, daqueles que habitualmente se usan en estudos demográficos.
- ◆ Analizar a evolución da poboación galega a través do cálculo de variación absolutas e taxas de variación relativas
- ◆ Aplicar os números índice para comparar a variación de determinadas variables nunha serie de anos con respecto a un ano base.

#### Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Esta é unha actividade básica, polo que non se precisa ter ningún coñecemento previo, excepto unhas pequenas nocións de como utilizar unha folla de cálculo. De todos os xeitos, a maior parte dos cálculos que se fan nesta actividade pódense realizar cunha calculadora.

#### Cuestións a resolver:

- 1) Completa a seguinte táboa cos datos de poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade do último ano dispoñible e responde ás preguntas que aparecen a continuación:

	Poboación total	Homes	Mulleres	%Homes	%Mulleres
Total	.....	.....	.....	.....	.....
0-4	.....	.....	.....	.....	.....
5-9	.....	.....	.....	.....	.....
10-14	.....	.....	.....	.....	.....
15-19	.....	.....	.....	.....	.....

20-24	.....	.....	.....	.....	.....
25-29	.....	.....	.....	.....	.....
30-34	.....	.....	.....	.....	.....
35-39	.....	.....	.....	.....	.....
40-44	.....	.....	.....	.....	.....
45-49	.....	.....	.....	.....	.....
50-54	.....	.....	.....	.....	.....
55-59	.....	.....	.....	.....	.....
60-64	.....	.....	.....	.....	.....
65-69	.....	.....	.....	.....	.....
70-74	.....	.....	.....	.....	.....
75-79	.....	.....	.....	.....	.....
80-84	.....	.....	.....	.....	.....
85 e máis anos	.....	.....	.....	.....	.....

¿Somos máis homes ou mulleres?

Ano .....

Poboación total: Homes .....% Mulleres .....%

¿En que grupos de idade hai máis homes que mulleres?.....

¿Que ocorre a medida que aumenta a idade?.....

- 2) Na seguinte táboa aparece a poboación de Galicia a 1 de xaneiro de 1998 por grandes grupos de idade

	1998	.....
Poboación total	2.724.544	
0-19	555.404	
20-64	1.643.111	
65 ou máis anos	526.031	

Completa a táboa cos datos de poboación do último ano dispoñible.

A continuación móstrase a porcentaxe que representa cada grupo de poboación sobre o total no ano 1998. Calcula estas porcentaxes para o último ano dispoñible.

Idade	Ano 1998	Ano .....
0-19	20,4%	.....%
20-64	60,3%	.....%
65 ou máis	19,3%	.....%

O índice de envellecemento mide a relación existente entre a poboación de 65 ou máis anos e a poboación menor de 20.

Índice de envellecemento = Poboación de 65 ou máis / Poboación menor de 20 \* 100

No ano 1998, o índice de envellecemento de Galicia foi 94,71. ¿Que valor toma este índice no último ano dispoñible?.....

¿Que indica un índice de envellecemento superior a 100?.....

- 3) Na seguinte táboa móstranse as cifras da poboación galega dende o ano 1981 ata o 2009.

	Poboación de Galicia
1981	2.811.912
1986	2.844.472
1991	2.731.669
1996	2.742.622
1998	2.724.544
1999	2.730.337
2000	2.731.900
2001	2.732.926
2002	2.737.370
2003	2.751.094
2004	2.750.985
2005	2.762.198
2006	2.767.524
2007	2.772.533

2008	2.784.169
2009	2.796.089
.....	.....

Fonte: Censos de poboación e Padrón municipal de habitantes

Completa a táboa coa poboación de Galicia dos últimos anos dispoñibles.

No último ano para o que se dispón de información:

¿Canto aumentou ou diminuíu a poboación con respecto ao ano 2009?

Aumentou/Diminuíu ..... persoas

¿Canto aumentou ou diminuíu en porcentaxe a poboación con respecto ao ano 2009?

Aumentou/Diminuíu ..... %

Repite os cálculos anteriores pero agora comparando o último dato de poboación dispoñible co de dez anos atrás.

- 4) Na seguinte táboa móstranse as cifras de inmigracións a Galicia e a España procedentes do estranxeiro no período 1997-2009:

	Galicia	España
1997	5.908	57.877
1998	6.850	81.227
1999	8.506	127.365
2000	12.547	362.468
2001	11.395	414.772
2002	18.186	483.260
2003	17.053	470.010
2004	19.366	684.561
2005	19.833	719.284
2006	22.948	840.844
2007	26.386	958.266
2008	22.165	726.009
2009	15.135	498.977
.....	.....	.....



¿Hai información para algún ano máis actual?. De habela, completa a táboa anterior.

Considera o ano 1997 como ano base e calcula números índice para Galicia e para España que permitan analizar a evolución da entrada de inmigrantes.

¿Algúns dos números índice que calculaches é inferior a 100?.....

Explica brevemente o que indica que un número índice sexa superior ou inferior a 100:.....

.....

.....

No ano 2007 produciuse un cambio nas inmigracións tanto en Galicia como en España.

¿Como se reflicte este feito nos números índice?.....

.....

.....